

**REUNIÓN DA COMISIÓN 7ª,
AGRICULTURA, ALIMENTACIÓN,
GANDARÍA E MONTES**

Día: 25.05.2018

Hora: 10:30

A Comisión 7ª, Agricultura, Alimentación, Gandaría e Montes, da que vostede forma parte, reunirase o próximo día 25 de maio de 2018, ás 10.30 horas, no pazo do Parlamento.

A orde do día é a seguinte :

Punto 1. Proposicións non de lei

- 1.1 13485 (10/PNC-001261)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Presas Bergantiños, Noa e 5 máis
Sobre a dotación polo Goberno galego ao concello da Rúa dunha motobomba para a extinción dos lumes coas características solicitadas polo Concello
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 170, do 06.09.2017
- 1.2 28952 (10/PNC-002290)
Grupo Parlamentario Popular de Galicia
González Vázquez, José e 6 máis
Sobre o desenvolvemento pola Xunta de Galicia dun plan integral de mellora xenética forestal. (Procedemento de urxencia)
Publicación iniciativa carácter urxencia, BOPG n.º 289, do 11.04.2018
- 1.3 29052 (10/PNC-002301)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Quiroga Díaz, José Antonio e Pérez Seco, José Manuel
Sobre a demanda polo Goberno galego ao Goberno central da exclusión de determinados cambios de titularidade dos dereitos de pagamento único das explotacións agrarias, da liquidación e o pagamento da cota tributaria correspondente co IRPF
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 293, do 18.04.2018
- 1.4 29498 (10/PNC-002350)
Grupo Parlamentario de En Marea
Sánchez García, Antón e 2 máis
Sobre o cumprimento polo Goberno galego do acordo parlamentario do 25 de setembro de 2015, referido á posta en marcha dun plan de fomento da

horticultura e da fruticultura, así como da agricultura ecolóxica
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 296, do 25.04.2018

- 1.5 29545 (10/PNC-002355)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Rivas Cruz, José Luis e 5 máis
Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación co proceso de concentración parcelaria decretado no ano 2000 no concello de Catoira
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 296, do 25.04.2018
- 1.6 29716 (10/PNC-002370)
Grupo Parlamentario de En Marea
Quinteiro Araújo, Paula e Rodríguez Estévez, David
Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación coa formación das persoas que desempeñan as funcións de bombeiros forestais
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 296, do 25.04.2018

Os grupos parlamentarios poderán presentar emendas ás proposicións non de lei ata seis horas antes do inicio da sesión, o abeiro do disposto no artigo 161.2 do Regulamento.

O que lle comunico para o seu coñecemento e a súa convocatoria á devandita reunión.

Santiago de Compostela, 16 de maio de 2018

Moisés Blanco Paradelo

Presidente da Comisión

Asinado dixitalmente por:

Moisés Blanco Paradelo, na data 16/05/2018 12:31:49

RELACIÓN DE MEMBROS DE COMISIÓN 7ª, AGRICULTURA, ALIMENTACIÓN, GANDARÍA E MONTES

POR ORDE ALFABÉTICA

Mesa

Presidente	
Moisés Blanco Paradelo	P
Vicepresidente	
Daniel Vega Pérez	P
Secretario	
José Manuel Pérez Seco	S

Vogais

María Encarnación Amigo Díaz	P
Raquel Arias Rodríguez	P
Silvestre José Balseiros Guinarte	P
Carlos Gómez Salgado	P
José González Vázquez	P
José Antonio Quiroga Díaz	S
José Luis Rivas Cruz	BNG
David Rodríguez Estévez	EM
Antón Sánchez García	EM

Reunión da Comisión 7ª, Agricultura, Alimentación, Gandería e Montes

Día: 25.05.2018

Hora: 10:30

Orde do día

1. Proposicións non de lei

Reunión da Comisión 7ª, Agricultura, Alimentación, Gandaría e Montes

Día: 25.05.2018

Hora: 10:30

Orde do día

1.1 13485(10/PNC-001261)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Presas Bergantiños, Noa e 5 máis

Sobre a dotación polo Goberno galego ao concello da Rúa dunha motobomba para a extinción dos lumes coas características solicitadas polo Concello

Publicación da iniciativa, 170, 06.09.2017



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REGISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 02/08/2017 11:48
Nº Rexistro: 13485
Data envío: 02/08/2017 11:48:23.233

Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG), a iniciativa das deputadas e deputados **Noa Presas Bergantiños, Ana Belén Pontón Mondelo, Olalla Rodil Fernández, Xosé Luis Rivas Cruz, Montserrat Prado Cores e Luis Bará Torres**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate na Comisión 7ª**, relativa aos criterios desiguais do goberno galego para dotar aos concellos de motobombas para a extinción dos lumes.

A loita contra o lume é unha das tarefas de maior responsabilidade e complicación na que teñen que colaborar todas as institucións galegas, especialmente a Xunta de Galiza pola súa capacidade económica e os concellos por seren o organismo máis achegado á cidadanía e mellor coñecedor do seu propio territorio así como responsábel dunha parte importante do dispositivo de prevención e extinción.

Durante o verán de 2017, despois de terse aprobado o Pladiga e xa en pleno período de máximo risco de incendio a consellería de Medio Rural desenvolveu a entrega de diferentes motobombas a concellos galegos. Por exemplo, segundo nota de prensa oficial publicada na web da Consellaría, o pasado 27 de xullo de 2017 fíxose entrega de sete motobombas ás alcaldías dos concellos de Santa Comba, As Nogais, Mondoñedo, Silleda, Dozón, Cerdedo-Cotobade e A Lama. Así mesmo, na propia información recóllese que non son as únicas motobombas e que se faría unha nova entrega nos concellos de Pastoriza, Melón, Oia, Coles, Portas, Triacastela e Porqueira, unha entrega que a data 1 de agosto, ecuador do verán, non se tiña efectuado.



BLOQUE
NACIONALISTA
GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galicia

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 02/08/2017 11:48
Nº Rexistro: 13485

Data envío: 02/08/2017 11:48:23.233

Se ben os concellos galegos teñen a responsabilidade de exercer as súas competencias en materia de prevención e extinción de incendios, é fundamental que para facelo teñan dispoñíbeis os medios adecuados, para o que a Xunta debe dotalos en aras das súas responsabilidades legais e máis aínda tendo en conta as limitacións orzamentarias e de gasto que teñen as entidades locais. Por iso, resulta sorprendente que por terceiro ano consecutivo a Consellería de Medio Rural continúe negando ao concello da Rúa a cesión dunha motobomba para a loita contra os incendios malia o concello ter solicitado reiteradamente a continuidade do convenio de motobomba que se estendera nos últimos 17 anos.

O concello da Rúa pertence ao distrito Forestal XIII de Valdeorras. Trives, en concreto á demarcación de Valdeorras 1 que abrangue tamén os concellos do Barco de Valdeorras, O Bolo, Larouco, Petín, Rubiá e Vilamartín de Valdeorras. Un abano xeográfico amplo e complexo no que cómpre lembrar que a situación da Rúa é fundamental para a loita contra os lumes, especialmente nun ano de falta de choivas e restricións por seca. Polo tanto, é imprescindible poñer a disposición todos os medios posíbeis por responsabilidade co medio e coas persoas da comarca valdeorresa. Polo tanto, a Xunta de Galiza debe corraxir de inmediato esta situación para non continuar incorrendo nunha clara discriminación do concello da Rúa e contradicir os obxectivos que a propia institución marca. Sobre o papel, o obxectivo xeral do PLADIGA é “reducir ao mínimo posible os danos ecolóxicos, económicos e sociais producidos polos lumes forestais na Comunidade Autónoma de Galicia, dentro dos recursos dispoñíbeis” pero polo visto eses recursos non son unha posibilidade para o concello mencionado.

Por todos estes motivos, o grupo parlamentar do Bloque Nacionalista Galego presenta a seguinte proposición non de lei para o seu debate na Comisión 7ª:



BLOQUE
NACIONALISTA
GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galicia

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 02/08/2017 11:48
Nº Rexistro: 13485
Data envío: 02/08/2017 11:48:23.233

O Parlamento de Galiza acorda dotar o concello da Rúa dunha motobomba coas características solicitadas polo Concello con carácter de urxencia.

Santiago de Compostela, 2 de agosto de 2017

Asdo.: **Noa Presas Bergantiños**

Olalla Rodil Fernández

Xosé Luis Rivas Cruz

Montserrat Prado Cores

Luis Bará Torres

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

Ana Belén Pontón Mondelo

Portavoz do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Noa Presas Bergantiños na data 02/08/2017 11:37:24

María Montserrat Prado Cores na data 02/08/2017 11:37:30

Ana Pontón Mondelo na data 02/08/2017 11:37:33

Xose Luis Rivas Cruz na data 02/08/2017 11:37:35



BLOQUE
NACIONALISTA
GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 02/08/2017 11:48
Nº Rexistro: 13485

Data envío: 02/08/2017 11:48:23.233

Olalla Rodil Fernández na data 02/08/2017 11:37:38

Xosé Luis Bará Torres na data 02/08/2017 11:37:40

Reunión da Comisión 7ª, Agricultura, Alimentación, Gandería e Montes

Día: 25.05.2018

Hora: 10:30

Orde do día

1.2 28952(10/PNC-002290)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

González Vázquez, José e 6 máis

Sobre o desenvolvemento pola Xunta de Galicia dun plan integral de mellora xenética forestal. (Procedemento de urxencia)

Publicación iniciativa carácter urxencia, 289, 11.04.2018

A Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentario Popular de Galicia** a través do seu **Portavoz** e por iniciativa dos deputados e deputadas, **José González Vázquez, Silvestre Balseiros Guinarte, Encarna Amigo Díaz, Raquel Arias Rodríguez, Moisés Blanco Paradelo, Carlos Gómez Salgado e Daniel Vega Pérez**, ao abeiro do disposto no artigo, 98, 160 e concordantes do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa, a seguinte **proposición non de lei para o seu debate na Comisión 7ª, Agricultura, Alimentación, Gandería e Montes** polo trámite de **urxencia**.

Xustificación da urxencia

A urxencia ven motivada pola necesidade de que o Parlamento de Galicia se posicione canto antes sobre esta cuestión.

Exposición de motivos

A conservación dos recursos xenéticos forestais e un dos ámbitos fundamentais previstos na Estratexia Foresta Europea. Tamén acada especial importancia o deseño de liñas de mellora xenética forestal orientadas a obtención de materiais forestais de reprodución de alta calidade xenética para o seu emprego en repoboación forestal, na protección forestal na súa vertente sanitaria (resistencia a pragas e enfermidades forestais) e na obtención de maiores rendementos madeireiros nas masas: madeira en cantidade e calidade.

Dado o contexto de non crecemento da superficie dedicada a explotación forestal que plantexa o Borrador do Plan Forestal de Galicia, unha liña que permitirá o crecemento do volume anual de madeira aproveitada será a que se vincule a mellora xenética das nosas especies arbóreas.

Neste ámbito o Centro de Investigación Forestal de Lourizán (CIF), na actualidade integrado na estrutura da Subdirección Xeral de Innovación e Experimentación Agroforestal da Consellería do Medio Rural e Mar da Xunta de Galicia, ten desenvolvido un papel fundamental.



GRUPO PARLAMENTARIO
POPULAR DE GALICIA



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 06/04/2018 13:52
Nº Rexistro: 28952
Data envío: 06/04/2018 13:52:59.756

O CIF de Lourizán foi pioneiro no noso país no desenvolvemento e posta en práctica de numerosos produtos e tecnoloxías forestais. Algunhas das achegas máis destacadas foron o impulso á mellora xenética do piñeiro bravo (*P. pinaster*), a creación de pasteiros de mínima labra e a mellora xenética de especies pratenses nos anos 50, o desenvolvemento de fertilizantes forestais en pastilla, nos 60, a creación de modelos para estimar a calidade de estación de *P. pinaster*, a identificación de novas especies e variedades botánicas, a introdución de especies forestais con base científica, a obtención de clons de castaño resistentes a enfermidades e micorrizados, a identificación de novas enfermidades e pragas forestais e os seus tratamentos, a valorización e o impulso ao sector micolóxico, a creación de hortos produtores de sementes, a iniciación da silvopascicultura e o desenvolvemento da silvicultura preventiva de incendios, la caracterización de los combustibles forestais de Galicia e de modelos de predición de comportamento do lume, contribucións a mellora da sustentabilidade da xestión forestal, melloras silvícolas para a rexeneración de montes queimados, así como o desenvolvemento de novas técnicas para avaliar a severidade dos incendios e rehabilitar as áreas queimadas, entre outras.

Co fin de avanzar neste ámbito o Grupo Parlamentario Popular considera necesario un plan integral de mellora xenética forestal que permita unificar as distintas actividades na materia nun único programa de planificación, execución, investigación e desenvolvemento dos recursos xenéticos forestais en Galicia a medio/longo prazo.

Este plan deberá recoller como obxectivos fundamentais:

- O aumento da produtividade e adaptabilidade das especies forestais de Galicia.
- A conservación a longo prazo da diversidade xenética existente na nosa Comunidade Autónoma.
- A potenciación do CIF-Lourizán como centro de referencia de I+D+i en xestión forestal en Galicia.

Por todo elo, o Grupo Parlamentario Popular, presenta a seguinte proposición non de lei en Comisión:

“O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia a desenvolver un Plan Integral de mellora xenética forestal”

Pazo do Parlamento - Rúa do Hórreo, 63
15701 Santiago de Compostela
T. 981 551 510 F. 981 551 422
gp-pp@parlamentodegalicia.es
www.ppdegalicia.com



**GRUPO PARLAMENTARIO
POPULAR DE GALICIA**



**PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 06/04/2018 13:52
Nº Rexistro: 28952
Data envío: 06/04/2018 13:52:59.756**

Santiago de Compostela, 6 de abril de 2018

Asinado dixitalmente por:

Pedro Puy Fraga na data 06/04/2018 13:50:47

José González Vázquez na data 06/04/2018 13:50:57

Silvestre Balseiros Guinarte na data 06/04/2018 13:51:04

María Encarnación Amigo Díaz na data 06/04/2018 13:51:11

Raquel Arias Rodríguez na data 06/04/2018 13:51:18

Moisés Blanco Paradelo na data 06/04/2018 13:51:27

Carlos Gómez Salgado na data 06/04/2018 13:51:33

Daniel Vega Pérez na data 06/04/2018 13:51:42

Pazo do Parlamento - Rúa do Hórreo, 63
15701 Santiago de Compostela
T. 981 551 510 F. 981 551 422
gp-pp@parlamentodegalicia.es
www.ppdegalicia.com

Reunión da Comisión 7ª, Agricultura, Alimentación, Gandaría e Montes

Día: 25.05.2018

Hora: 10:30

Orde do día

1.3 29052(10/PNC-002301)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Quiroga Díaz, José Antonio e Pérez Seco, José Manuel

Sobre a demanda polo Goberno galego ao Goberno central da exclusión de determinados cambios de titularidade dos dereitos de pagamento único das explotacións agrarias, da liquidación e o pagamento da cota tributaria correspondente co IRPF

Publicación da iniciativa, 293, 18.04.2018



Grupo Parlamentario

Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, por iniciativa dos seus deputados, José Antonio Quiroga Díaz e José Manuel Pérez Seco, a través do portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa mesa a seguinte proposición non de lei para o seu debate na Comisión 7ª.

Partido dos
Socialistas
de Galicia

Os dereitos que na actualidade ten cada explotación e que para cobralos teñen que cumprir uns requisitos, é dicir, manter unha actividade agraria, ter en boas condicións as superficies declaradas e outras, para producir alimentos que a UE entende necesario incentivar.

As axudas da PAC no seu conxunto, son axudas compensatorias para realizar actividades, relacionadas co coidado do medioambiente.

O Ministerio de Facenda entende que eses dereitos son un activo intanxible e cando se produce un cambio de perceptor dá lugar a un incremento patrimonial por parte de quen transmite, independentemente de si a explotación segue sendo a mesma ou non, de si a transmisión se produce entre conxugues en réxime de gananciais ou non, ou se esa explotación era persoa física e pasa a ser xurídica.

A cesión de dereitos adoita facerse xunto co cambio de titularidade administrativa da explotación agraria no seu conxunto, normalmente como consecuencia do cese da actividade do seu titular por incapacidade, xubilación, etc. Na maior parte dos casos esta cesión faise a favor dun membro da unidade familiar, producíndose un simple cambio de titularidade administrativa, tanto da explotación como dos dereitos de pago único.

É moi común a cesión de dereitos entre conxugues casados en réxime de gananciais; nestes casos a pesar de que tanto a explotación como os dereitos de pago único teñen carácter de gananciais e resulta claro que continúan pertencendo á sociedade de gananciais a pesar do cambio de titularidade administrativa. A AEAT entende que existe transmisión e esixe o pago pola ganancia patrimonial que nunca se produciu.

O mesmo ocorre coas achegas á sociedades (normalmente civís) na que continua participando o mesmo titular dos dereitos.

Hai que subliñar que no impreso denominado “Comunicación de cesión de dereitos de pago único” e establecido pola Xunta de Galicia, recóllense diferentes supostos para rexistrar a cesión entre os que se atopa: cambio de denominación ou personalidade



Grupo Parlamentario

xurídica (matrimonios en réxime de gananciais e explotacións de titularidade compartida.

A AEAT entende que os dereitos de pago único son un elemento patrimonial afecto á actividade agropecuaria e que o dereito de percepción constitúe un activo intanxible (como un dereito de propiedade industrial ou intelectual).

Partido dos
Socialistas
de Galicia

A natureza xurídica dos dereitos de pago único é difícil de encadrar e varía segundo se analice desde o dereito civil, administrativo ou desde o dereito comunitario, pero o certo é que desde o acordo coa normativa europea que os regula teñen unha finalidade remuneratoria ou compensatoria da actividade agropecuaria, dando lugar a un dereito de pago periódico ou dereito de crédito fronte á Administración, a crédito monetario que os afasta do concepto de activo inmaterial.

Por todo iso o Grupo Parlamentario Socialista presenta a seguinte proposición non de lei:

O Parlamento de Galicia insta o Goberno galego a que se dirixa o Goberno central para que lle solicite que a liquidación e o pago da cota tributaria correspondente co IRPF, non inclúa os cambios de titularidade dos dereitos de pago único cando pertencen a unha mesma explotación e non exista beneficio ou ingreso derivado da operación.

Pazo do Parlamento, 9 de abril de 2018

Asinado dixitalmente por:

José Antonio Quiroga Díaz na data 09/04/2018 13:50:00

Jóse Manuel Pérez Seco na data 09/04/2018 13:50:14

Xoaquín María Fernández Leiceaga na data 09/04/2018 13:50:27

Reunión da Comisión 7ª, Agricultura, Alimentación, Gandaría e Montes

Día: 25.05.2018

Hora: 10:30

Orde do día

1.4 29498(10/PNC-002350)

Grupo Parlamentario de En Marea

Sánchez García, Antón e 2 máis

Sobre o cumprimento polo Goberno galego do acordo parlamentario do 25 de setembro de 2015, referido á posta en marcha dun plan de fomento da horticultura e da fruticultura, así como da agricultura ecolóxica

Publicación da iniciativa, 296, 25.04.2018

O Grupo Parlamentar de En Marea, por iniciativa dos seus deputados **Antón Sánchez García** e **Davide Rodríguez Estévez** e da súa deputada **Paula Quinteiro Araujo**, ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate na Comisión 7.^a**

Exposición de motivos

O 25 de setembro de 2015 aprobábase neste Parlamento, concretamente na Comisión 7.^a de Agricultura, Alimentación, Gandería e Montes, unha Proposición non de lei co voto favorable de todos os grupos.

O texto do acordo adoptado foi o seguinte:

“ O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia a poñer en marcha un plan de fomento da horticultura e a fruticultura, así como da agricultura ecolóxica. Este plan debe contar coas seguintes características:

- a) Acceso á terra mediante a xestión descentralizada do Banco de Terras e dotación de persoal nas Oficinas Agrarias Comarcais (OAC) para dinamizar a mobilización das terras improdutivas.
- b) Investigación e asesoramento públicos. É imprescindible un estudo de variedades e técnicas de cultivo, así como o asesoramento e seguimento dos proxectos que se poñan en marcha. Ademais, é necesario contratar persoal para as OAC xa que moitos dos intentos da xente para iniciar un proxecto no agro acaban en fracaso por unha incorrecta formulación.



- c) Comercialización a través da potenciación de circuítos curtos, da creación de marcas de garantía galegas e ao asesoramento de profesionais na comercialización.
- d) Compra pública en colexios, hospitais ou centros da terceira idade. Introducir criterios como o da proximidade, ou dar prioridade a produtos galegos e/ou ecolóxicos no abastecemento deste tipo de centros públicos contribuiría a consolidar proxectos locais”.

Dous anos e medio despois observamos que dito acordo non foi trasladado á acción de goberno da Xunta de Galicia.

Tanto a xestión da terra, como a investigación e asesoramento, así coma a comercialización e compra pública, nada ten cambiado substancialmente no sector hortícola.

Nin se desenvolveu o selo de garantía, nin se mudou a xestión do Banco de Terras, nin se aplicou ningunha nova política sobre compra pública.

Creemos firmemente que está a ser desaproveitado o gran potencial que ten Galiza na produción hortícola, un sector que pode crear emprego dun xeito sostible.

Para elo son precisas políticas públicas planificadas, con rigor e recursos.

Por todo elo, o Grupo Parlamentar de En Marea presenta a seguinte Proposición non de lei:

O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia a executar o acordo adoptado na Comisión 7.^a, do 25 de setembro de 2015, para o desenvolvemento do sector hortícola e ecolóxico.

Santiago de Compostela, 17 de abril de 2018.



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 17/04/2018 13:48
Nº Rexistro: 29498
Data envío: 17/04/2018 13:48:27.785



Asdo.: Antón Sánchez García
Voceiro s. do G.P. de En Marea.

Asdo.: Davide Rodríguez Estévez
Paula Quinteiro Araujo
Deputado e deputada do G.P. de En Marea.

Asinado dixitalmente por:

Antón Sánchez García na data 17/04/2018 13:45:02

David Rodríguez Estévez na data 17/04/2018 13:45:09

Paula Quinteiro Araújo na data 17/04/2018 13:45:18

Reunión da Comisión 7ª, Agricultura, Alimentación, Gandería e Montes

Día: 25.05.2018

Hora: 10:30

Orde do día

1.5 29545(10/PNC-002355)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Rivas Cruz, José Luis e 5 máis

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación co proceso de concentración parcelaria decretado no ano 2000 no concello de Catoira

Publicación da iniciativa, 296, 25.04.2018



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REGISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 18/04/2018 10:54
Nº Rexistro: 29545
Data envío: 18/04/2018 10:54:58.497

Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG), a iniciativa das deputadas e deputados **Xosé Luis Rivas Cruz, Montserrat Prado Cores, Luis Bará Torres, Ana Pontón Mondelo, Olalla Rodil Fernández e Noa Presas Bergantiños**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate na Comisión 7ª**.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A concentración parcelaria de Catoira (Catoira-Pontevedra) foi declarada de utilidade pública, interese social e urxente execución polo Decreto 186/2000, do 29 de xuño (DOG nº 137, do 14 de xullo).

Decretada no 2000 , impúlsase no 2005 coa contratación e redacción do Estudo de Impacto Ambiental e proxecto de camiños. O levantamento topográfico e as bases provisionais son de outubro de 2006 e as bases definitivas de outubro de 2007.

No ano 2008 licitouse a realización do proxecto de concentración das novas leiras, a prospección arqueolóxica intensiva das trazas dos camiños e a execución da rede principal de camiños. Este último investimento cun orzamento total de 3.426.232,26 €.

En outubro de 2008 o delegado provincial do Medio Rural, Gonzalo Constenla, preside a xuntanza de ratificación do documento básico de identificación e de clasificación da propiedade e declara:



BLOQUE
NACIONALISTA
GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 18/04/2018 10:54
Nº Rexistro: 29545

Data envío: 18/04/2018 10:54:58.497

A priorización e impulso deste proceso de concentración parcelaria realizouse tendo en conta a aptitude agraria, moi especialmente polo cultivo de viñedo, das terras deste municipio, que forma parte da denominación de Viños da Terra de Barbanza e Iria, á vez que supón unha clara aposta pola valorización da superficie rústica mediante a ampliación da base territorial das explotacións agrarias e forestais, co fin de superar a atomización da propiedade que impide a viabilidade das mesmas.

Comprende nunha superficie total de 2.900 ha., a totalidade do solo rústico do concello de Catoira, polo que foron excluídos os núcleos rurais de poboación. Trátase dunha gran superficie de 2.738 ha e de acusada complexidade, dada a estrutura da propiedade: 22.653 parcelas e os 2.433 propietarios. Comprende as parroquias de: San Pedro de Dimo, Santa Baia de Oeste, San Mamede de Abalo e a de San Miguel de Catoira, que fan a totalidade do concello.

En novembro de 2008 expóñense as bases definitivas tendo ata o día 3 de decembro prazo para consultalas, podendo facelo tamén na páxina web do concello. Anúnciase tamén que os boletíns individuais de cada propietario serán enviados por correo certificado en datas próximas comunicándoselles o prazo de 30 días para presentaren as reclamacións que consideraren oportunas en canto a superficie ou clasificación das parcelas que lles corresponden.

Segundo se di na orde de 11 de febreiro de 2011 de Medio Rural, DOG-29:

“En fase de bases definitivas, comunicados aos titulares dos predios ás súas achegas, presentáronse numerosos escritos, ben de cambios de titularidade ou de falta de cabida.

Como consecuencia dos traballos de investigación da propiedade constatouse

a gran fragmentación da zona (22.653 parcelas) -máis acusada do previsto nos estudos previos- e o elevado número de propietarios (2.433), o que provoca que os traballos de concentración -xa en por si complexos- resulten excesivamente complicados, o que ademais de redundar en prexuízo da súa calidade e desenvolvemento, ralentiza de xeito considerable e innecesario a marcha do proceso concentrador. Isto é máis acusado nas parroquias de San Pedro de Dimo e Santa Baia de Oeste.”

Dise tamén que o proceso se ve ralentizado polos numerosos escritos xerados e argumenta que de se trataren de dous procesos independentes daría máis fluidez ó proceso xeral. E así se decreta.

E aquí remata tamén o proceso. Certas son as reclamacións, máis de 1000, mais tamén é certo que desde esa data 2008 nada se fixo e vai para 10 anos.

Coa Xunta Local dimitida, coas expectativas creadas sen resposta e co futuro emprendedor case vinte anos avellentado, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para debate na Comisión 7ª:

“O Parlamento galego insta á Consellería de Medio Rural a:

-Informar á veciñanza das parroquias do Concello de Catoira do estado do proceso de reestruturación parcelaria en curso desde o ano 2000.

-Informar sobre o estado das reclamacións presentadas no seu momento e as solucións dadas ás mesmas.

-Retoma-lo proceso de concentración parcelaria e darlle remate de inmediato,



BLOQUE
NACIONALISTA
GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galicia

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 18/04/2018 10:54
Nº Rexistro: 29545
Data envío: 18/04/2018 10:54:58.497

poñendo fin á incerteza dos propietarios afectados e veciñanza en xeral.”

Santiago de Compostela, 18 de abril de 2018

Asdo.: **Xosé Luis Rivas Cruz**

Montserrat Prado Cores

Noa Presas Bergantiños

Olalla Rodil Fernández

Luis Bará Torres

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

Ana Pontón Mondelo

Portavoz do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Xosé Luis Rivas Cruz na data 18/04/2018 10:52:19

María Montserrat Prado Cores na data 18/04/2018 10:52:24

Ana Pontón Mondelo na data 18/04/2018 10:52:25

Olalla Rodil Fernández na data 18/04/2018 10:52:27



BLOQUE
NACIONALISTA
GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 18/04/2018 10:54
Nº Rexistro: 29545
Data envío: 18/04/2018 10:54:58.497

Noa Presas Bergantiños na data 18/04/2018 10:52:29

Xosé Luis Bará Torres na data 18/04/2018 10:52:31

Reunión da Comisión 7ª, Agricultura, Alimentación, Gandaría e Montes

Día: 25.05.2018

Hora: 10:30

Orde do día

1.6 29716(10/PNC-002370)

Grupo Parlamentario de En Marea

Quinteiro Araújo, Paula e Rodríguez Estévez, David

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación coa formación das persoas que desempeñan as funcións de bombeiros forestais

Publicación da iniciativa, 296, 25.04.2018

Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentar de **En Marea**, por iniciativa da súa deputada Paula Quinteiro Araujo e do seu deputado Davide Rodríguez Estévez, ao abeiro do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate na Comisión 7.ª**.

Exposición de motivos

O Servizo de Prevención e Extinción de Incendios Forestais da Xunta de Galiza ten consideración de servizo de emerxencias por dúas vías. A primeira delas vén reflexada no acordo de condicións especiais do Persoal do Servizo de Prevención e Defensa contra incendios Forestais (SPDCIF) da Xunta de Galicia incluído no V Convenio Colectivo Único para o Persoal laboral da Xunta de Galiza, vixente a día de hoxe, onde se indica que o SPDCIF terá consideración de servizo Preventivo, ademais de Emerxencias.

A segunda vía vén derivada da publicación da nova Lei de Protección Civil do estado (Lei 17/2015, do 9 de xullo, do Sistema Nacional de Protección Civil), que dispón o seguinte:

Artigo 17. Os servizos de intervención e asistencia en emerxencias de protección civil.

1. Terán a consideración de servizos públicos de intervención e asistencia en emerxencias de protección civil os Servizos Técnicos de Protección Civil e Emerxencias de todas as Administracións Públicas, os Servizos de Prevención, Extinción de Incendios e Salvamento, e de Prevención e Extinción de Incendios Forestais, as Forzas e Corpos de Seguridade, os Servizos de Atención Sanitaria de Emerxencia, as Forzas Armadas e, especificamente, a Unidade Militar de



Emerxencias, os órganos competentes de coordinación de emerxencias das Comunidades Autónomas, os Técnicos Forestais e os Axentes Ambientais, os Servizos de Rescate, os equipos multidisciplinares de identificación de vítimas, as persoas de contacto coas vítimas e os seus familiares, e todos aqueles que dependendo das Administracións Públicas teñan este fin.

2. Os órganos competentes de coordinación de emerxencias das Comunidades Autónomas, ademais da atención de emerxencias que non teñan afectación colectiva pero que requiran a actuación de servizos operativos diversos, poderán actuar nas emerxencias de protección civil como Centro de Coordinación Operativa, segundo se estableza nos correspondentes plans.

3. Cando sexan requiridas organizacións de voluntarios e entidades colaboradoras, a súa mobilización e actuacións estarán subordinadas ás dos servizos públicos

4. Na Norma Básica de Protección Civil regularanse as bases para a mellora da coordinación e eficiencia das actuacións dos servizos regulados neste artigo."

Polo exposto anteriormente, entendemos que legalmente o SPDCIF pertence ao Sistema de Emerxencias de Protección Civil.

Por outra banda, os artigos 31 e 32 dispoñen o seguinte:

Artigo 31. A formación dos recursos humanos.

1. Os poderes públicos promoverán a formación e o desenvolvemento da competencia técnica do persoal do Sistema Nacional de Protección Civil.

2. A formación en protección civil terá o recoñecemento oficial do sistema educativo e da formación profesional para o emprego, no marco do Sistema Nacional de Cualificacións e Formación Profesional, nos termos establecidos polo Goberno, a proposta dos Ministerios competentes.



Artigo 32. A Escola Nacional de Protección Civil.

1. A Escola Nacional de Protección Civil, como instrumento vertebrador da formación especializada e de mandos de alto nivel, desenvolve as seguintes actividades:

- a) Formar e adestrar ao persoal dos servizos de protección civil da Administración Xeral do Estado e doutras institucións públicas e privadas, mediante os correspondentes convenios, no seu caso, así como a persoas doutros colectivos que sexan de interese para o Sistema Nacional de Protección Civil. Poderá acordar con outras administracións, mediante os correspondentes convenios, a formación e adestramento do persoal ao servizo das devanditas administracións.
- b) Desenvolver accións de I+D+i en materia de formación de protección civil.
- c) Colaborar cos centros de formación de protección civil das outras Administracións Públicas.
- d) Colaborar nas actividades de formación que se prevexan no marco do Mecanismo de Protección Civil da Unión ou doutras iniciativas europeas para favorecer a interoperabilidade dos equipos e servizos. Igualmente poderá levar a cabo actividades de formación a favor doutros Estados ou de institucións estranxeiras ou internacionais.
- e) A Escola Nacional de Protección Civil, previa autorización dos Ministerios de Educación, Cultura e Deporte e de Emprego e Seguridade Social, respectivamente, poderá impartir as accións conducentes á obtención dos títulos oficiais de formación profesional e certificados de profesionalidade relacionados coa protección civil.



2. As funcións encomendadas á Escola Nacional de Protección Civil encádranse na Dirección Xeral de Protección Civil e Emerxencias.

Ademais, a propia Lei 31/1995, do 8 de novembro, de Prevención de Riscos Laborais, actualizada polo RD 5/2000, do 4 de agosto, e reformada pola Lei 54/2003, de 12 de decembro, dispón:

Artigo 14. Dereito á protección fronte aos riscos laborais.

2. En cumprimento do deber de protección, o empresario deberá garantir a seguridade e a saúde dos traballadores ao seu servizo en todos os aspectos relacionados co traballo. A estes efectos, no marco das súas responsabilidades, o empresario realizará a prevención dos riscos laborais mediante a integración da actividade preventiva na empresa e a adopción de cantas medidas sexan necesarias para a protección da seguridade e a saúde dos traballadores, coas especialidades que se recollen nos artigos seguintes en materia de plan de prevención de riscos laborais, avaliación de riscos, información, consulta e participación e formación dos traballadores, actuación en casos de emerxencia e de risco grave e inminente, vixilancia da saúde, e mediante a constitución dunha organización e dos medios necesarios nos termos establecidos no capítulo IV desta lei.

O empresario desenvolverá unha acción permanente de seguimento da actividade preventiva co fin de perfeccionar de maneira continua as actividades de identificación, avaliación e control dos riscos que non se puideron evitar e os niveis de protección existentes e dispoñerá o necesario para a adaptación das medidas de prevención sinaladas no parágrafo anterior ás modificacións que poidan experimentar as circunstancias que incidan na realización do traballo.

A administración debe aplicar a formación adecuada aos traballadores/as logo da modificación das súas funcións debido a aplicación da nova lei de Protección Civil.



O SPDCIF pertence a familia profesional Seguridade e Medio Ambiente onde lle corresponden unhas competencias relacionadas tanto coa seguridade da cidadanía como dos seus bens, onde se especifican os módulos formativos -compostos por unidades formativas - correspondentes á profesión desempeñada.

A descrición destes módulos formativos está reflectida no RD 624/2013, do 2 de agosto, polo que se establecen oito certificados de profesionalidade da familia profesional seguridade e medio ambiente que se inclúen no repertorio nacional de certificados de profesionalidade e se actualizan os certificados de profesionalidade establecidos como anexo I do Real Decreto 1377/2009, do 28 de agosto, e como anexos I e II do Real Decreto 1536/2011, de 31 de outubro.

De cara a unha mellor protección á cidadanía e aos seus bens, entendemos que a Xunta de Galiza debe dar a formación específica ao persoal do SPDCIF descrita no RD 624/2013, do 2 de agosto, e elaborar protocolos para a actuación axeitada nos lumes interface (lumes urbanos-forestais) o que garantiría unha mellor eficacia e seguridade tanto do SPDCIF como da cidadanía, tal como recomenda no seu preámbulo a Lei Orgánica 4/2015, de 30 de marzo, de protección da seguridade cidadá.

A relación dos módulos formativos coa relación de unidades formativas inxeridas nestes son as seguintes:

- MF1964_2: labores de vixilancia e detección de incendios forestais, mantementos de infraestruturas e información a poboación. (90 horas mínimas)
- MF1965_2: Extinción de incendios forestais (150 horas)
- (150 horas) - MF1966_2: Continxencias no medio natural e rural. (100 horas)
- MF0272_2: Primeiros auxilios. (40 horas)

Os módulos desagregados son os seguintes:



- MF1964 2: Labores de vixilancia e detección de incendios forestais, mantemento de infraestruturas asociadas e información á poboación (110 horas).
- UF2360 (Transversal): Topografía e Comunicaci3ns. Coñecementos b3sicos (30 horas).
- UF2361: Operaci3ns b3sicas de vixilancia e detección de incendios forestais. Revisi3n e Mantemento de infraestruturas de prevenci3n e instalaci3ns de extinci3n e divulgaci3n 3 poboaci3n de medidas preventivas (50 horas).
- UF2362 (Transversal): Actuaci3ns para o control de conatos en ataque inicial (30 horas).
- MF1965 2: Extinci3n de incendios forestais (150 horas).
- UF2362 (Transversal): Actuaci3ns para o control de conatos en ataque inicial (30 horas).
- UF2363: Actuaci3ns para o control de incendios en ataque ampliado. Incendios forestais de comportamento extremo (70 horas).
- UF2364: Actuaci3ns para o control de incendios con apoio de medios a3reos e emprego de lume t3cnico (50 horas).
- MF1966 2: Continxencias no medio natural e rural (100 horas).
- UF2365 (Transversal): Intervenci3n en continxencias causadas por accidentes de tr3fico, accidentes de mercador3as perigosas e incendios en edificacións no medio rural e natural (50 horas).
- UF2349 (Transversal): Actuaci3n en sucesos por fen3menos naturais: vendavais, inundaci3ns e riadas, afundimentos por efecto de terremoto ou correntamentos de terreo e outros (50 horas).
- MF0272 2 (Transversal): Primeiros auxilios (40 horas).



- MP0491: Módulo de prácticas profesionais non laborais de operacións de vixilancia e extinción de incendio3 forestais e apoio a continxencias no medio natural e rural (80 horas).

Estes módulos e unidades formativas son correspondentes e correlativos coas unidades de competencia asignadas á cualificación profesional: "operacións de vixilancia e extinción e apoio a continxencias do medio natural e rural".

Ás categorías do SPDCIF -Servizo público de defensa contra incendios forestais da Xunta de Galicia- con responsabilidades directas nas tarefas de prevención e extinción, recoñécéuselles a categoría profesional de Bombeiro forestal.

Unha vez recoñecida esta categoría profesional, e encadrados na familia de seguridade e medio ambiente, a formación inherente ao mercado pola propia lei debe chegar de inmediato para non incumprir o curricularmente establecido polos decretos correspondentes.

Esta formación é imprescindible diante das necesidades, tanto no eido do nivel técnico coa afronta que supoñen o novo tipo de lumes, como para rematar o proceso legalmente establecido pola lei na formación correspondente a nova categoría profesional.

A Xunta de Galiza conta coa Academia Galega de Seguridade Pública (AGASP), centro especializado neste tipo de formación para os servizos públicos de emerxencias, polo que entendemos que a proposta encaixa perfectamente dentro da infraestrutura pública de formación.

Por todo o anterior exposto, preséntase a seguinte Proposición non de lei:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 19/04/2018 17:32
Nº Rexistro: 29716
Data envío: 19/04/2018 17:32:48.136



O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galiza a:

1. Incluír no programa da Academia Galega de Seguridade Pública - ou centro público que a administración considere- a formación necesaria e obrigatoria para todas e todos os bombeiros forestais que desempeñan as funcións en Galiza.
2. Que se forme a estas traballadoras e traballadores nos módulos seguintes:
 - MF1964_2: Labores de vixilancia e detección de incendios forestais, mantementos de infraestruturas e información a poboación (110 horas).
 - MF1965_2: Extinción de incendios forestais (150 horas).
 - MF1966_2: Continxencias no medio natural e rural (100 horas).
 - MF0272_2: Primeiros auxilios (40 horas).
 - MP0491_: Módulos de prácticas profesionais non laborais de operacións de vixilancia e extinción de incendios forestais e apoio a continxencias no medio natural e rural (80 horas)

Santiago de Compostela, 19 de abril de 2018.

Asdo.: Paula Quinteiro Araújo,

Asdo.: Luís Villares Naveira

Davide Rodríguez Estévez,

Voceiro do G.P. de En Marea.

Deputada e deputado do G.P. de En Marea.

Asinado dixitalmente por:

Paula Quinteiro Araújo na data 19/04/2018 17:30:39

David Rodríguez Estévez na data 19/04/2018 17:30:47



PARLAMENTO DE GALICIA
REGISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 19/04/2018 17:32
Nº Rexistro: 29716
Data envío: 19/04/2018 17:32:48.136

Luis Villares Naveira na data 19/04/2018 17:30:54